p) Realizar as notificacións das convocatorias de sesións dos órganos municipais cando sexan requeridos para elo, así como notificar persoalmente aos interesados naqueles casos en que os órganos de goberno llo demanden.

q) Levar a cabo as tarefas propias da súa categoría que se lle encomenden e estean legalmente establecidas.

Artigo 12. Auxiliares da Policía Local

1. De acordo coas previsións recollidas na Lei de coordinación das policías locais de Galicia e no Decreto 243/2008, o Concello poderá contratar a auxiliares da Policía Local, que realizarán exclusivamente as funcións encomendadas nesa normativa e no presente regulamento, baixo a directa supervisión dun integrante do corpo da Policía Local.

2. Ao abeiro do disposto no parágrafo 7 do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, a consellería competente en materia de seguridade, en determinados casos debida e obxectivamente xustificados, poderá permitir a contratación aos concellos dun número de auxiliares superior ao cincuenta por cento do persoal funcionario da policía local, e/ou por unha duración superior aos catro meses, que en todo caso non pode superar os seis meses dentro do ano natural.

3. Para o devandito permiso o/a alcalde/esa deberá presentar ante a unidade directiva competente en materia de coordinación de policías locais a correspondente solicitude en que se xustifique obxectiva e suficientemente a necesidade de superar os termos xerais de contratación previstos no parágrafo 1 do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

CAPÍTULO II. ACCESO E PROMOCIÓN DOS MEMBROS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL

Artigo 13. Convocatorias

1. A convocatoria das probas de ingreso e de acceso ás diferentes escalas do corpo da Policía Local realizarase por parte do Concello, logo da oferta de emprego público para cubrir as vacantes.

2. As bases da convocatoria axustaranse aos requisitos de ingreso e de acceso e aos criterios de selección fixados pola lexislación básica do Estado e pola Lei de coordinación das policías locais de Galicia, xunto coa normativa de desenvolvemento no marco destas.

3. As convocatorias rexeranse polos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

Artigo 14. Requisitos de ingreso

1. Son requisitos imprescindibles para o ingreso no corpo da Policía Local os seguintes:

a) Posuír a nacionalidade española

b) Superar os 18 anos e non ter cumpridos os 36 anos de idade, para o acceso ao posto básico.

c) Estar en pusesión da titulación esixible para o acceso a categoría correspondente, consonte á normativa da función pública..

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable,

non obstante, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Ser titular dos permisos de conducción das clases A, B con BTP.

f) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros no caso dos homes, e 1,60 metros para as mulleres.

g) Compromiso de portar armas e, no seu caso, chegar a utilizalas, que se prestará mediante declaración xurada e por escrito.

h) Acreditar a aptitude física mediante a presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para realizar os exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluirá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

2. Tódolos requisitos mencionados no apartado 1 deberán ser referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

Artigo 15. Curso de formación

O ingreso no corpo de Policía Local nas súas diferentes escalas e postos farase a través do proceso selectivo e previa superación dun curso de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública, de duración e natureza fixada regulamentariamente segundo os casos.

Artigo 16. Probas selectivas

1. As probas selectivas da fase de oposición serán de carácter teórico e práctico e nelas haberán de incluírse un recoñecemento médico, probas de capacitación física, un examen psicotécnico e unha avaliación de coñecementos xerais ou específicos de materias relacionadas co exercicio profesional, así como o coñecemento da lingua galega e das institucións e dereito básico de Galicia. Os aspirantes especificamente deberán coñecer datos significativos do Concello de Miño, tales como rúas e situación de servicios esenciais, e tamén a normativa propia do Concello.

2. Durante o período de permanencia no curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública, os aspirantes percibirán as retribucións que para os funcionarios en prácticas establezan as disposicións vixentes.

Artigo 17. Promoción interna

A promoción interna dun posto de traballo verificarase mediante concurso de méritos entre os funcionarios da categoría inmediatamente inferior que teñan prestados, cando menos, dous anos de servicio nese posto no Concello de Miño, e a superación, segundo as normas regulamentarias establecidas, dun curso de aptitude na Academia Galega de Seguridade Pública.

Artigo 18. Formación permanente

1. A formación profesional da Policía Local coordinarase a través da Academia Galega de Seguridade Pública, quen levará a cabo a programación e realización dos cursos de formación para o ingreso e promoción interna dos corpos de policía local e, en xeral, de cantas actividades contribúan a dar unha formación integral aos funcionarios do corpo, que poderá ser complementada polo propio Concello.

2. Os cursos que realice a Academia Galega de Seguridade Pública ou que esta homologue, de acordo co previsto na Lei de coordinación das policías locais, consideraranse méritos valorables nas fases de concurso e na provisión de postos de traballo dos corpos de policía local. Tódolos diplomas, certificados e acreditacións deberán expresar necesariamente a duración do curso de que se trate en horas lectivas, así como, segundo os casos, a asistencia ou aproveitamento obtido polo alumno.

3. Os cursos que realice o Concello consideraranse méritos valorables nas fases de concurso e na provisión de postos de traballo dos corpos de policía local. Tódolos diplomas, certificados e acreditacións deberán expresar necesariamente a duración do curso de que se trate en horas lectivas, así como, segundo os casos, a asistencia ou aproveitamento obtido polo alumno.

TÍTULO III. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO I. CRITERIOS DE ACTUACIÓN POLICIAL

Artigo 19. Protocolo de xerarquía

Os membros da Policía Local, pertencentes a un corpo xerarquizado, utilizarán sempre o conducto regulamentario para co seu superior naquelas materias relacionadas coa prestación do servicio, de xeito que calquera compoñente do corpo poderá dirixir por escrito informes, peticións ou queixas a calquera superior xerárquico, incluída á Alcaldía. Este informe, petición ou queixa deberá realizarse obrigatoriamente a través do seu inmediato superior.

Artigo 20. Xornada e horario.

1. Os membros dos corpos da Policía local cumprirán estritamente a xornada e o horario de traballo que se determinen polo órgano competente.

2. En situacións excepcionais, cando se produzan feitos ou urxencias que así o esixan, os funcionarios poderán ser requiridos para o servizo fóra da súa xornada de traballo.

3. No caso de que as necesidades extraordinarias do servizo obrigasen a prolongar a súa prestación, terán que cumprimentarse as ordes referidas respecto diso, sen prexuízo da compensación que proceda polo exceso de xornada realizado na forma que se determine reglamentariamente.

Artigo 21.-Recoñecementos médicos.

1. A vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou a outros medios existentes con respecto aos factores de risco aos cales se estea exposto.

2. Os exames de saúde incluirán, en todo caso, unha historia clínico-laboral, en que, ademais dos datos de anamnese, exploración clínica e control biolóxico e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo, se fará constar unha descrición detallada do posto de traballo, o tempo de permanencia neste, os riscos detectados na análise das condicións de traballo, e as medidas de prevención adoptadas. En particular atenderase á avaliación de riscos dos postos de traballo en relación co embarazo e lactación, así como ás medidas que se incorporarán, de ser o caso, para a adaptación destes postos, eliminando na súa orixe estes riscos ou reducíndoos significativamente, se fora posible.

3. Deberá igualmente, no caso de dispoñer disto, incluír unha descrición dos anteriores postos de traballo, riscos presentes neles e tempo de permanencia para cada un deles.

CAPÍTULO II. IDENTIFICACIÓN PROFESIONAL E UNIFORMIDADE

Artigo 22. Tarxeta de identificación profesional

1. Todos os membros do corpo da Policía Local posuirán unha tarxeta de acreditación profesional que expedirá o Concello, segundo o modelo homologado pola Xunta de Galicia. Terán a obriga de identificarse ante o cidadán que llo esixa no caso de actuacións que lles afecten, mediante a súa acreditación profesional.

2. A tarxeta seralle retirada ao seu titular cando cause baixa definitiva no corpo ou se declare nunha situación administrativa distinta da de servicio activo.

Artigo 23. Uniformidade

1. Os membros da Policía Local, no exercicio das súas funcións, deberán vestir o uniforme regulamentario, salvo nos casos excepcionais que autorice o subdelegado do Goberno de acordo coa previsión contida no artigo 52.3 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade, ou cando así o autorice o órgano municipal competente cando a natureza das funcións policiais así o aconselle. Nestes casos, os funcionarios deberán identificarse mediante o seu documento de acreditación profesional.

2. As prendas do uniforme e do material complementario só poderán empregarse en horas de servicio e no seu cumprimento, salvo as excepcións que se establezcan legal ou regulamentariamente.

Artigo 24. Utilización do uniforme

1. Prohíbese a utilización do uniforme de xeito incompleto, así como a descuidada colocación das pezas que compoñen. As devanditas prendas deberán empregarse co maior coidado e limpeza.

2. O uniforme da Policía Local do Concello incorporará o escudo do Concello de Miño e o de Galicia, e conterá as características básicas que sobre a uniformidade veñan fixadas pola normativa autonómica.

3. Na roupa que integra o uniforme regulamentario só poderán exhibirse as divisas, emblemas, condecoracións e efectos establecidos pola normativa vixente. Ningún policía uniformado poderá exhibir publicamente outros distintivos que non sexan os fixados regulamentariamente.

Artigo 25. Modalidades de uniforme

O uniforme de traballo dos policías locais presentará as modalidades necesarias para acomodar a función realizada ao medio no que se teña que realizar. Segundo as estacións meteorolóxicas anuais terá en conta as modalidades de inverno e verán, e o cambio de uniformidade entre estacións climáticas ordenarase pola Alcaldía, logo da proposta da Xefatura da Policía Local.

Artigo 26. Reposición do uniforme

As prendas que compoñen o uniforme repoñeranse cando transcorra o tempo ordinario do seu uso, segundo a súa natureza. No caso de que se producise un deterioro prematuro dalgunha prenda ou elemento do uniforme ou equipo, procederase á súa reposición e instarase a información oportuna conducente a clarexar as causas dese deterioro.

Artigo 27. Decoro

Os compoñentes do corpo da Policía Local deberán observar un estricto decoro no uso do uniforme, e na limpeza e aseo.

TÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA POLICÍA LOCAL

CAPÍTULO I. DEREITOS

Artigo 28. Remisión normativa

Os dereitos dos membros da Policía Local do Concello son os recollidos na Lei 4/2007, de coordinación de policías locais, Decreto 243/2008 polo que desenvolve regulamentariamente a precitada lei e Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade do Estado, así como os establecidos con carácter xeral para os funcionarios da administración local, coas particularidades recollidas no presente regulamento.

Artigo 29. Dereitos

No marco establecido no artigo anterior, os membros da policía local terán os seguintes dereitos:

a) A unha remuneración xusta e adecuada, que valore o seu réxime de incompatibilidades, adicación e risco que conleva a súa misión, así como a especificidade dos seus horarios de traballo e peculiar estructura. Os conceptos retributivos axustaranse ao establecido na lexislación básica sobre a función pública.

b) A recibir formación e perfeccionamento no exercicio das súas funcións.

c) Á promoción profesional, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade de oportunidades, mérito e capacidade.

d) A unha xornada de traballo adaptada ás peculiaridades da función policial, facilitándose o coñecemento da xornada de traballo, turnos e festivos mediante cadrantes confeccionados coa antelación que sinale a Alcaldía, e sen prexuízo das modificacións urxentes que requiran as circunstancias do servicio.

e) Ás vacacións, permisos, licenzas e excedencias reguladas pola lexislación vixente e os acordos da Corporación co persoal. A ordenación concreta do disfrute destes permisos realizarase pola Alcaldía, co fin de evitar acumulacións en determinados periodos do ano e dada a natureza ininterrompida da función policial.

f) A fixar o seu lugar de residencia de acordo co establecido na normativa da función pública. Cando con ocasión dun permiso un compoñente do corpo se ausente do territorio da Comunidade Autónoma galega, notificarao ao seu superior xerárquico para o caso de que se precise a súa dispoñibilidade por circunstancias de emerxencia extraordinarias.

g) Ás prestacións de seguridade social, de acordo coa súa lexislación específica.

h) Á asistencia e defensa letrada cando sexa esixida responsabilidade con motivo de actos derivados do desempeño das funcións que teñan encomendadas.

i) Ao vestiario e equipo axeitado para o posto de traballo que relicen, que deberá ser proporcionado polo Concello.

l) A prestar o servicio nas condicións correctas de seguridade e hixiene no traballo, e á axeitada protección da saúde física e psíquica.

m) Aos demais que establezan as leis, disposicións regulamentarias de desenvolvemento ou se deriven dos anteriores.

Artigo 30. Recompensas

1. Os membros da Policía Local que se distingan notablemente no cumprimento das súas funcións recompensaranse, debendo constar así nos seus expedientes persoais.

2. As recompensas que poden recibir os membros do corpo policial son as seguintes:

a) Recompensaranse con mención honorífica aqueles compoñentes que durante a prestación do servicio ou fóra del distínganse na realización de intervencións difíciles, arriscadas ou que magnifiquen a imaxe da Policía Local. Este premio concederase pola Alcaldía, dando conta ao pleno da Corporación.

b) Recompensaranse co galón de méritos aos membros policiais que se distingan polas súas cualidades profesionais e humanas. Este premio concederase pola Alcaldía, dando conta ao pleno da Corporación.

c) Recompensaranse coa concesión da medalla da Policía Local do Concello de Miño a aqueles membros que realicen un acto heroico e xeneroso, con perigo da súa vida, así como polos méritos contraídos ao longo dun período de tempo determinado. Este permiso concederase pola Alcaldía, dando conta ao pleno da Corporación.

d) As distincións e recompensas recollidas no capítulo III do Decreto 243/2008, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación das policías locais.

Artigo 31. Xubilación

1. Os membros da Policía Local terán dereito á xubilación, de acordo co establecido na lexislación vixente e, así mesmo, a Corporación poderá acordar, con respecto á normativa vixente, plans de xubilación anticipada, para os efectos de incentivar o rexuvenecemento do cadro de persoal e favorecer unha xubilación digna a idades razonables, en atención ás características de profesión.

2. A xubilación forzosa producirase cando o funcionario cumpra a idade establecida na lexislación vixente en materia de corpos e forzas de seguridade do Estado. En todo caso, terá lugar ao cumprir a idade establecida para os corpos policiais de natureza civil.

CAPÍTULO II. DEBERES

Artigo 32. Remisión normativa

Xunto aos correspondentes á súa condición de funcionarios ao servicio da administración local, os membros da Policía Local terán os deberes derivados dos principios básicos de actuación contidos na Lei de coordinación das policías locais e na Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade.

Artigo 33. Deberes xerais

No marco establecido no artigo anterior, os membros da Policía Local terán os seguintes deberes:

a) Todo funcionario da Policía Local, cando tome posesión do seu primeiro emprego, prestará xuramento ou promesa de cumprir a Constitución, como norma fundamental do Estado.

b) Velar polo cumprimento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do ordenamento xurídico.

c) Actuar, no cumprimento das súas funcións, con absoluta neutralidade e imparcialidade, sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Actuar con integridade e dignidade. Deberá de absterse de todo acto de corrupción e se oporá a eles manifestamente.

e) Impedir ou non exercitar ningún tipo de práctica abusiva, conleve ou non violencia física ou psíquica.

f) Gardar o debido segredo nos asuntos de servicio que teña encomendados, así como a identidade dos denunciantes.

g) Obedecer e executar as ordes que reciban dos seus superiores xerárquicos, sempre que non constitúan un ilícito penal ou sexan contrarios ao ordenamento xurídico. En caso de dúbida, deberá darse parte ao superior xerárquico de quen proceda a orde.

h) Levar a cabo as súas funcións con total adicación. Deberá intervir sempre, en calquera tempo e lugar, estando ou non de servicio, en defensa da legalidade e da seguridade cidadá.

i) Presentarse con puntualidade e cumprir integramente a súa xornada de traballo, sen abandoar o servicio ata ser relevado. Comunicarán ao inmediato superior xerárquico, coa antelación posible, ou seu retraso ou inasistencia ao servicio, que deberá xustificarse.

l) Intervir para evitar calquera tipo de delicto ou falta, e auxiliar en todo momento a cantas persoas precisen axuda.

m) Prestar apoio aos seus compañeiros e aos demais membros das forzas e corpos de seguridade, cando sexan requiridos ou fose necesaria a súa intervención.

n) Informar os detidos dos seus dereitos, e comunicarlles con suficiente claridade os motivos da detención.

o) Asumir, por parte do funcionario de maior categoría, a iniciativa, responsabilidade e mando na realización dos servicios. En caso de igualdade de categoría, o xefe de turno competente efectuará a designación expresa.

p) Realizar as solicitudes ou reclamacións polo medio regulamentario.

q) Manter no servicio unha actitude de vixilancia activa, e prestar atención a cantas incidencias observen, especialmente as que afecten aos servicios públicos e conservación de bens municipais.

r) Informar aos seus superiores de calquera incidencia no servicio, reflectindo fidedignamente os feitos e achegando cantos datos obxectivos sexan precisos para a debida comprensión do caso.

s) Asistir, dentro da súa xornada laboral, aos cursos de formación e reciclaxe que acorde o Concello.

t) Coñecer e utilizar a lingua galega nos documentos que redacten e nas relacións cos cidadáns no exercicio da función policial.

u) Facilitar os datos de dirección e número de teléfono contínuamente actualizados á Xefatura da Policía para os efectos da súa inmediata localización en caso de necesidade, e ó departamento de Persoal ós efectos de transmitirlles notificacións que lles afecten.

v) Os demais que establezan as leis, disposicións regulamentarias de desenvolvemento que se deriven das anteriores ou se dispoñan na presente norma

Artigo 34. Catástrofes

En situacións excepcionais, cando se produzan feitos ou emerxencias que así o esixan os policías locais poderán ser requiridos para o servizo fóra da súa xornada de traballo, estando por conseguinte, obrigados a presentarse no seu posto de traballo e prestar as súas funcións, aínda que estivesen libres de servizo.

Artigo 35. Actuación en vías públicas

1. Os membros da Policía Local que circulen pola vía pública vestidos de uniforme entenderase que están en funcións de servicio, e estarán obrigados a intervir en todos os sucesos que reclamen a súa presencia, cumprindo os deberes que lle impón o presente regulamento. Será obrigatorio que cando circulen polas vías públicas leven o seu equipo completo, engadindo en todo caso a súa arma regulamentaria.

2. Cada policía local deberá presentarse en todo momento en perfecto estado de uniformidade e aseo persoal, salvo causa xustificada, e conservar axeitadamente tanto o vestiario como os equipos que se lles entreguen ou encomenden para o seu uso ou custodia. Non se poderá utilizar o uniforme fóra da execución dos servicios encomendados.

3. Os membros da Policía Local observarán unha conducta de máximo decoro e probidade, axustada á dignidade da profesión. Tratarán con educación ao cidadán, e tamén aos subordinados, e facilitaranlles a estes o cumprimento dos seus dereitos e obrigas.

4. Sempre que teñan que actuar, os policías locais farano con reflexión, reserva, dilixencia e prudencia, sen aventurar xuízos nin precipitar as súas medidas, sen deixarse levar por impresións momentáneas, antipatías ou prexuízos.

Artigo 36. Forma física

Para os efectos de que os membros da Policía Local manteñan unha forma física axeitada ao servicio que lles corresponde, poderá establecerse como obrigatorio e computable dentro da xornada laboral a realización de exercicios físicos de mantemento.

Artigo 37. Baixas médicas

1. En caso de que un policía local sexa dado de baixa por enfermidade ou accidente, deberá comunicalo no prazo máximo de 24 horas á Xefatura policial, para facilitar a correcta organización do servizo, e entregar a copia do parte médico de baixa no departamento de persoal do Concello no prazo de tres días contados á partir do mesmo día de expedición do parte médico.

2. O policía que se atope de baixa terá que cumprir tódalas prescripcións médicas conducentes á súa recuperación, suxeitándose ao réxime de actos de comprobación da incapacidade temporal recoñecidos pola normativa de seguridade social.

Artigo 38. Bebidas alcohólicas e estupefacentes

É obriga de todo policía local incorporarse ao servicio sen haber consumido, e non consumir durante a prestación do servicio bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacentes ou substancias psicotrópicas. Para os efectos anteriores, cando se deriven signos que evidencien o incumprimento do deber anterior, deberán someterse, coas garantías establecidas na lexislación sobre seguridade vial, ás oportunas probas para detectar as devanditas substancias.

Artigo 39. Incidencias

Todo membro do corpo está obrigado a poñer en coñecemento dos seus superiores calquera incidencia do servicio. Se houbese que notificalas por escrito, fará unha relación sucinta de canto presenciase, e engadirá os datos obxectivos que estime necesarios para comprobar os feitos. No caso de que achegue comentarios propios, farao constar claramente.

Artigo 40. Uso de armamento

1. Os membros da Policía Local utilizarán armas regulamentarias e tan só faran uso delas nos casos e formas previstos na lexislación, tendo sempre presentes os principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance.

2. No uso do armamento deberán terse en conta as seguintes limitacións:

a) Sempre que as circunstancias o permitan, antes de facer uso da arma regulamentaria, darase o alto. Cando o agresor fixese caso omiso da advertencia, dispararase sobre zonas non vitais.

b) Antes de facer uso da arma, terase a certeza de non ferir a terceiras persoas, sempre e cando dita omisión non supoña indefensión do policía, actuando a norma de preferencia de non detención do presunto delincuente sobre a posible lesión de terceiros.

3. Cando non estean de servicio, os membros policiais deberán de deixar en depósito o arma regulamentaria nas dependencias policiais no armeiro municipal.

Artigo 41. Auxilio e saúdos

1. Os membros da Policía Local deberán auxilio e máximo respecto a todos os membros da Corporación.

2. Os membros da Policía Local deberán saudar ás autoridades locais, autonómicas, estatais, mandos da Policía Local e ao persoal dos corpos de seguridade e das forzas armadas, e aos seus símbolos e himnos en actos oficiais, así como a calquera cidadán ao que se dirixan. O saúdo realizarase levando a man dereita estendida, cos dedos xuntos e a palma cara abaixo, ata o botón da gorra ou prenda da cabeza, en posición de firmes, indicando "bos días" ou "boas tardes", segundo o caso.

CAPÍTULO III. INCOMPATIBILIDADES

Artigo 42. Remisión normativa

Os membros dos corpos da Policía Local non poderán exercer ningunha outra actividade pública ou privada, agás as exceptuadas no réxime xeral de incomptaibilidades.

CAPÍTULO IV. RÉXIME ESTATUTARIO E SINDICAL DOS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL

Artigo 43. Situacións administrativas

As situacións administrativas nas que se poden atopar os membros da Policía Local son as previstas para os funcionarios de carreira da Administración Local, conforme co disposto na lexislación vixente.

Artigo 44. Dereitos e liberdades

Os funcionarios do corpo da Policía Local disfrutarán de cantos dereitos e liberdades lles recoñeza a Constitución e a lexislación vixente, así como as disposicións municipais.

Artigo 45. Dereitos sindicais

1. O exercicio dos dereitos sindicais por parte dos membros da Policía Local axustarase ao que dispón a Lei orgánica 11/85, de 2 de agosto, de liberdade sindical, e á súa normativa de desenvolvemento. No referente ao dereito de folga e ás accións substitutorias, terase en conta o disposto na Lei de coordinación de policías locais e Lei de forzas e corpos de seguridade.

2. Recoñécese o dereito de petición ou queixa individual ou colectiva, a través do conducto regulamentario.

Artigo 46. Acordos sociais

Seralles aplicable aos membros da Policía Local todas as disposicións dos acordos ou convenios que periodicamente sexan subscritos entre a Corporación e a representación sindical, salvo que expresamente nos seus textos se exclúan do seu ámbito de aplicación.

TÍTULO V. SEGUNDA ACTIVIDADE

Artigo 47. Concepto

A segunda actividade é a situación administrativa especial que corresponde aos funcionarios da Policía Local do Concello de Miño por razóns de idade, físicas ou por enfermidade.

Artigo 48. Finalidade

1. Cando un membro da Policía Local teña disminuída a súa capacidade para cumprir o servicio ordinario, sexa por causas físicas ou de idade, pasará á situación de segunda actividade.

2. A segunda actividade é unha situación administrativa que permite garantir que os servicios de policía local desenvólvense por funcionarios que, cunha axeitada aptitude psicofísica, atópanse en situación de servicio activo.

Artigo 49. Pase á segunda actividade

O pase á situación de segunda actividade producirase só dende a situación administrativa de servicio activo, e permanecerase nela ata o pase á de xubilación ou outra situación que non poderá ser a de servicio activo, salvo que o pase á

segunda actividade se producise como consecuencia de xestación maternal ou de perda de aptitudes psicofísicas, e que desaparezan as causas que a motivaron.

Artigo 50. Características e efectos

1. A segunda actividade desenvolverase noutro posto de traballo axeitado á categoría que se ostente e determinado polo Concello, preferentemente na área de seguridade, e no caso de que esto non fose posible, noutros servicios municipais.

2. O pase á situación de segunda actividade non suporá disminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas.

3. Os funcionarios en situación de segunda actividade estarán suxeitos a idénticos rexímenes disciplinarios e de incompatibilidades dos funcionarios públicos con carácter xeral.

Artigo 51. Funcións en situación de segunda actividade na área de seguridade e noutras áreas

1. O persoal funcionario que estea na situación de segunda actividade poderá desempeñar, de acordo coa súa formación e categoría, preferentemente no área de seguridade e adecuado a súa experiencia e capacidade, entre outras, as seguintes funcións:

a) Vixilancia da seguridade dos edificios destinados ás dependencias municipais.

b) Xestión e control do mantemento dos medios técnicos que o corpo de policía local utiliza para cumprir con a súas obrigas: 1.- Vehículos e material relacionado cos mesmos. 2.- Sistemas de transmisión e telecomunicacións. 3.- Vestiario e equipamento.

c) Asistencia e apoio a traballos non operativos relacionadas coa investigación de accidentes de tráfico e outras actividades á seguridade vial.

d) Tarefas administrativas: 1.- Atención ao público. 2.- Apoio na tramitación de licenzas, permisos, autorizacións e sancións administrativas. 3.- Apoio no análises estadístico e nas tarefas informáticas.

e) Xestión de recursos humanos, de control e mantemento de medios materiais.

f) En xeral, todas as actividades técnicas de asesoramento, instrumentais de xestión e apoio da actividade policial ou relacionadas con ela, de características similares ás expresadas nos epígrafes anteriores, sempre que non impliquen actuacións policiais operativas.

2. O Concello na súa relación de postos de traballo incluirá postos susceptibles de ser ocupados por funcionarios da Policía Local en situación de segunda actividade, determinando aquelas funcións que poidan ser desempeñadas por estes.

Artigo 52. Resolución sobre segunda actividade

1. Pasarase á situación de segunda actividade e, se é o caso, reingresarase no servicio activo só por resolución expresa e motivada da Alcaldía.

2. A situación de segunda actividade quedará reflectida no documento de acreditación profesional do funcionario.

3. A alcaldía, motivadamente, poderá limitar por cada ano natural e categoría, o número de funcionarios que poidan acceder á situación de segunda actividade por razón de idade, prorrogando a permanencia no servicio activo dos que, en orde inversa á da data na que cumpran a idade, excedan do cupo así fixado.

Artigo 53. Causas

1. Cando un policía local teña diminuída a súa capacidade para cumprir o servizo ordinario, sexa por enfermidade ou por razón de idade, pasará á situación de segunda actividade conforme cos seguintes criterios:

a) Por razón de idade, o pase a segunda actividade terá lugar ao cumprirse as seguintes idades: Escala superior técnica: aos 62 anos de idade. Escala executiva: aos 60 anos de idade. Escala básica: aos 58 anos de idade.

Logo de escoitar á xunta de persoal, o concello, motivadamente, co fin de optimizar os seus recursos, e tras o informe á consellería competente en materia de seguridade, poderá limitar por cada ano natural e categoría o número de funcionarios que poidan acceder á situación de segunda actividade por razón de idade, prorrogando a permanencia no servizo activo dos que, na orde inversa á data na que cumpran a idade, excedan da cota así fixada.

Así mesmo, o concello, tras a comunicación á consellería competente en materia de seguridade, poderá aprazar o pase á situación de segunda actividade, por sucesivos períodos dun ano, cando exista solicitude expresa do interesado, e sempre que medie informe do tribunal medico constituído segundo o disposto na lexislación aplicable.

b) Por enfermidade, en todo momento, cando as condicións físicas ou psíquicas do funcionario así o aconsellen. Esta situación é extensible e asimilable ás funcionarias membros da Policía Local durante o período de xestación, logo do informe médico que o acredite.

2. O pase á situación de segunda actividade por disminución da aptitude física ou psíquica do funcionario poderá instarse pola Corporación ou polo interesado, e deberá informarse por un servicio médico que acredite a falta de capacidade para realizar as funcións propias dun policía local.

Artigo 54. Avaliación do tribunal médico.

1. A solicitude, xunto coa documentación, será enviada ao tribunal médico, que se debe constituír, polo concello a que pertenza o persoal funcionario solicitante, para o efecto da avaliación da diminución das condicións psicofísicas.

2. Este tribunal médico estará formado por tres facultativos da especialidade de que se trate e que pertenzan ao sistema sanitario público de Galicia ou aos cadros médicos das entidades colaboradoras, un por proposta do propio interesado/a, outro por proposta do concello a que pertenza o funcionario e o terceiro por proposta do Servizo Galego de Saúde.

3. O tribunal médico deberase constituír para examinar a solicitude e documentación presentada no prazo de dous meses desde a súa presentación. No suposto de que a persoa interesada ou o concello non propoñan ningún médico ou se os propostos/as non aceptan, o concello correspondente solicitará a designación directa do médico ou médicos necesarios polo Servizo Galego de Saúde.

4. Á vista da documentación presentada, o tribunal médico, logo de acordo dos seus membros en tal sentido, poderá citar o/a funcionario/a para a realización dun recoñecemento médico. Se o/a funcionario/a acreditase que está impedido para asistir, o tribunal poderá dispoñer o que coide conveniente para a realización do recoñecemento cando resulte imposible emitir ditame coa documentación que figure no expediente.

5. No suposto de que o/a funcionario/a non compareza e non xustifique a súa incomparecencia, será citado por segunda vez. De non acudir, o tribunal médico emitirá o seu ditame con base nos documentos que figuran no expediente.

6. En calquera caso, os responsables do ditame poderán solicitar información e asesoramento non vinculante de especialistas ou a realización de probas, exploracións ou recoñecementos que consideren necesarios para avaliar a aptitude psicofísica do/da funcionario/a.

7. Aos membros do tribunal médico seralles de aplicación o previsto en materia de abstención e recusación pola lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

8. O réxime de funcionamento do tribunal será o previsto para os órganos colexiados.

Artigo 54. Cadro de aptitudes.

1. A elaboración do ditame médico farase tendo en conta o seguinte cadro das causas de diminución das aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais que orixinan o pase á situación de segunda actividade:

Con carácter xeral:

a) O diagnóstico dunha enfermidade, ou a catalogación dunha síndrome ou proceso patolóxico, non é un criterio de valoración en si mesmo, pero si o é a diminución nas aptitudes psicofísicas que orixine.

b) Para a valoración das enfermidades, síndromes e procesos patolóxicos teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

1º Cronicidade da enfermidade, síndrome e/ou proceso patolóxico.

2º Posibilidades de melloría clínica con/sen tratamento.

3º Posibilidades de empeoramento pola permanencia no servizo activo.

4º Posibilidades terapéuticas con que conta para a súa curación.

5º Cando se trate de enfermidades infecto-contaxiosas, ademais, as posibilidades de contaxio.

c) Teranse en conta as enfermidades, síndromes, procesos patolóxicos que, a xuízo dos facultativos, lle diminúan as aptitudes psicofísicas necesarias para permanecer na situación de servizo activo, e non constitúan motivo de xubilación por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións.

d) Os facultativos aplicarán este cadro das causas de diminución das aptitudes físicas ou psíquicas en función das exixencias laborais propias da policía local, conforme as funcións e actividades propias da escala e categoría do funcionario.

2. Ademais do anterior serán motivo de pase á situación de segunda actividade aquelas enfermidades, síndromes e procesos patolóxicos que, a xuízo dos facultativos, incapaciten o/a funcionario/a para permanecer na situación de servizo activo, ocasionándolle limitación para a realización das tarefas policiais propias da súa escala e categoría.

Artigo 55. Ditame.

1. O tribunal médico ditaminará se as afeccións ou enfermidades están incursas ou non no cadro de causas de diminución das aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais que orixinen o pase á segunda actividade e que se recolle no artigo anterior.

2. O ditame médico que se elabore garantirá o segredo necesario dos datos de saúde do/da funcionario/a e concluirá coa declaración de «apto» ou «non apto» para o servizo activo.

3. O ditame que emita o tribunal médico vinculará o órgano competente para declarar o pase á situación de segunda actividade.

4. O tribunal médico proporá no seu ditame o pase á segunda actividade ou que se tramite o

correspondente expediente de incapacidade ou, se procede, o de xubilación forzosa. Para tales efectos o ditame deberá conter os seguintes aspectos:

a) A existencia ou non de diminución de aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais.

b) Se a diminución de aptitudes se prevé, ou non, con carácter permanente.

c) Se a insuficiencia nas aptitudes afecta ou non as funcións e actividades policiais desempeñadas polo/a funcionario/a no seu traballo habitual.

5. O tribunal médico dirixirá o ditame ao/á alcalde/esa para que adopte a pertinente resolución, contra a que se poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente en materia de réxime local.

Artigo 56. Revisión.

1. A resolución pola que se declara o pase á situación administrativa de segunda actividade poderá ser revisada de oficio ou por solicitude da persoa interesada. Cando no ditame médico se indique que se prevé a recuperación das diminucións psicofísicas que deron lugar ao pase do/da funcionario/a á segunda actividade, o concello deberá iniciar de oficio a revisión da resolución no prazo dun mes contado desde a finalización do prazo de recuperación previsto no ditame.

2. O procedemento para a revisión será o regulado nos artigos anteriores, aínda que o ditame se limitará a indicar se tivo lugar a recuperación das diminucións físicas ou psíquicas que motivaron o pase á segunda actividade.

3. Se se ditamina a recuperación do/da funcionario/a e a súa aptitude para o desempeño da función policial que teña encomendada, o concello resolverá o seu reingreso no servizo activo. En caso contrario, desestimarase a revisión da declaración do pase á segunda actividade.

Artigo 57. Prazos de resolución.

O prazo máximo de resolución do procedemento para o pase á segunda actividade por causa dediminución das aptitudes psicofísicas é de catro meses e o de revisión de tres meses, contados desde a data da súa iniciación.

Artigo 58. Segunda actividade por embarazo ou lactación.

1. O procedemento iniciarase por instancia da funcionaria interesada.

2.-Ditame.- O ditame médico necesario para o pase á segunda actividade por causa de embarazo ou lactaciónconsistirá nun certificado médico oficial que acredite tal circunstancia. No suposto de lactación o dito certificado deberá acreditar que as condicións do posto habitual da funcionaria poden influír no seu estado de saúde.

2.-Duración.

a) A funcionaria embarazada permanecerá na situación administrativa de segunda actividade ata o momento en que remate o embarazo, a partir do cal pasará á situación de servizo activo, sen prexuízo da licenza ou a incapacidade temporal que lle corresponda.

b) No suposto de lactación a funcionaria permanecerá na situación administrativa de segunda actividadeata o momento en que remate a lactación, a partir do cal pasará á situación de servizo activo, sen prexuízo da licenza que lle corresponda.

3.-Prazo de resolución.

O prazo máximo de resolución do procedemento para o pase á segunda actividade por causa de embarazo ou lactación será de dez días contados desde a data da súa iniciación.

Artigo 59. Razóns excepcionais

1. O alcalde poderá requirir, motivadamente, a membros da Policía Local en situación de segunda actividade para cumprir funcións operativas da Policía Local polo tempo mínimo necesario, cando concorran razóns excepcionais de seguridade cidadá que, basicamente, reunirán os aspectos seguintes:

a) Que sexan imprevisibles e non periódicas.

b) Que sexan de tal magnitude que non poidan resolverse por medios policiais operativos ordinarios.

2. Aos funcionarios que teñan que realizar os servicios enumerados neste artigo dotaraselles da uniformidade e dos medios necesarios para o desempeño da súa función.

Artigo 60. Supletoriedade normativa

Nos aspectos non previstos neste regulamento para a situación regulada no presente Título será de aplicación a Lei 4/2007, o Decreto 243/2008, e supletoriamente a normativa estatal sobre a situación da segunda actividade no corpo da Policía Nacional.

TÍTULO VI. RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 61. Suxeitos responsables

1. Os funcionarios dos corpos da Policía local poden incorrer en responsabilidade disciplinaria pola comisión das faltas que se tipifican no presente capítulo, desde o momento da toma de posesión ata o da xubilación ou perda da condición de funcionario.

2. Incorrerán na mesma responsabilidade que os autores dunha falta os que induzan á súa comisión e os xefes que a toleren.

3. Así mesmo, incorrerán en falta de inferior grao os que encubrisen a comisión dunha falta moi grave ou grave. Debe de entenderse por encubrimento o feito de non dar conta ao superior xerárquico competente, de modo inmediato e por escrito, dos feitos constitutivos de falta dos cales téñase coñecemento, salvo cando sexa este o presunto infractor, nese caso a comunicación efectuarase ao seu superior inmediato.

Artigo 62. Clases de faltas

As faltas que poden cometer os membros dos corpos da Policía local poderán ser leves, graves e moi graves.

Artigo 63. Faltas moi graves

Consideraranse faltas moi graves:

a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía no exercicio das súas funcións.

b) Ser condenado, en virtude de sentenza firme, a pena privativa de liberdade, como autor dunha conduta constitutiva de delito doloso relacionada co servizo ou que cause grave dano á administración ou aos administrados.

c) O acoso moral e o acoso sexual.

d) O abuso de atribucións que cause grave dano aos cidadáns, aos subordinados ou á administración, e a práctica de tratos inhumanos, degradantes, discriminatorios ou vejatorios ás persoas que se atopen baixo a súa custodia.

e) A insubordinación individual ou colectiva, respecto das autoridades ou mandos de que dependan.

f) A non prestación de auxilio con urxencia naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación.

g) O abandono do servizo.

h) A publicación ou a utilización indebida de segredos declarados oficiais ou cualificados como talles.

i) A violación do segredo profesional e a falta do debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sempre que prexudique o desenvolvemento do labor policial, cause prexuízo á administración, aos detidos e investigados ou a calquera outra acode afectada pola investigación policial ou se utilice devandito coñecemento en proveito do propio funcionario.

j) A realización de actividades declaradas incompatibles legalmente, cando as mesmas comprometan a imparcialidade ou independencia.

k) A participación en folgas, en accións sustitutivas delas ou en actuacións concertadas a fin de alterar o normal funcionamento dos servizos.

l) Incorrer en falta grave cando o funcionario fose sancionado anteriormente, en virtude de resolucións firmes, por outras tres faltas de carácter grave ou moi grave, cometidas no período dun ano inmediatamente anterior á comisión da nova infracción.

m) A falta de colaboración manifesta cos membros do corpo da Policía local e demais membros dos corpos de Policía local así como cos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado, cando resulte prexudicado gravemente o servizo ou se deriven consecuencias graves para a seguridade cidadá.

n) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou sustancias psicotrópicas durante o servizo ou sempre que prexudique a súa prestación.

ñ) Toda actuación que supoña discriminación por razón de ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, pertenza a etnia ou raza, orixe nacional, idioma, sexo, orientación sexual, xénero, enfermidade, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

o) A obstaculización grave ao exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.

p) Así mesmo, son faltas moi graves, aos efectos do establecido na Lei orgánica 4/1997, de 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos:

1º) A alteración ou manipulación de imaxes e sons gravados, a condición de que non constitúan delito.

2º) A cesión, transmisión e revelación a terceiras persoas non autorizadas, por calquera medio e con calquera ánimo e finalidade, dos soportes orixinais das gravacións ou as súas copias, de modo íntegro ou parcial.

3º) A reprodución de imaxes e sons gravados con finalidades distintas das establecidas na Lei orgánica 4/1997.

4º) A utilización de imaxes e sons gravados ou dos medios técnicos de gravación afectos ao servizo para finalidades distintas das establecidas na Lei orgánica 4/1997.

q) Calquera outra conduta non enumerada nos apartados anteriores tipificada como falta moi grave na lexislación xeral.

Artigo 64. Faltas graves

Son faltas graves:

a) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou con ocasión das mesmas.

b) A desobediencia aos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións dadas por aqueles.

c) A omisión da obrigación de dar conta aos seus superiores coa debida dilixencia de todo asunto que requira o seu coñecemento ou decisión urxentes.

d) A infracción de deberes ou obrigacións legalmente establecidos inherentes ao cargo ou función, cando se produzan de xeito grave e reiterada.

c) Situacións de familias en risco de exclusión social como resposta preventiva e socializadora.

d) Persoas con dificultades temporais por convalecencias ou outras causas.

6.°.–REQUISITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

Os requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia son os seguintes:

a) Estar empadroada e ter residencia efectiva no Concello de A Pobra do Caramiñal.

b) Non ter dereito ó Servizo a través doutro organismo público (MUFACE, ISFAS, MUNPAL...).

c) Non ter recoñecida unha situación de dependencia que, polo seu grao e nivel, lles permita acceder ó catálogo de recursos establecidos na Lei 29/2006.

d) O servizo de axuda no fogar municipal pode ser compatible coa axuda para o mesmo concepto de institucións ou entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, sempre que se recolla no proxecto de Intervención (anexo).

e) Que a vivenda onde se preste o servizo reúna unhas condicións mínimas de habitabilidade (cuarto de baño, auga corrente, electricidade...) para que se poidan facer efectivas as tarefas sen risco para o persoal e a persoa usuaria. En ausencia destas condicións deberán exercerse outro tipo de medidas previas a prestación do servizo.

f) Reunir a puntuación precisa segundo as condicións persoais, sociais, económicas, etc., establecidas nos baremos. Para poder ter acceso ó Servizo é necesario obter un mínimo de 40 puntos.

g) Respectar e cumprir os deberes establecidos no artigo 8.° da presente ordenanza.

7.°.–DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

4. A coñeceren a situación do seu expediente.

5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou a normativa vixente ó respecto.

6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

8.°.–DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, referido ó artigo 37 da Lei 4/1993, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios (tales como produtos de limpeza, aseo e hixiene persoal...).

2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.

4. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais (non facelas partícipes da súa vida persoal, non ofrecerlles obsequios nin regalos, non manter contactos fóra do horario laboral...).

5. Informar á persoa coordinadora do servizo dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

6. Participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar municipal.

7. A comunicar á persoa coordinadora do servizo, en circunstancias ordinarias e previsibles, con quince días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

8. Compromiso da persoa usuaria a cumprir as condicións establecidas no correspondente acordo do servizo mediante a sinatura do mesmo (anexo n.° 4).

9. Permanecer no domicilio no horario de prestación do servizo. En ningún caso, as/os profesionais que interveñen no servizo custodiarán as chaves do domicilio.

9.°.–PERSOAL E FUNCIÓNS.

O persoal que pode intervir no servizo de axuda no fogar está composto por profesionais e persoas voluntarias e as súas funcións e tarefas serán as seguintes:

a) Traballadora/or social, como profesional responsable do programa que recibirá a demanda, fará o estudio e a valoración da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención axeitado a ela e será responsable do seu seguimento e valoración. As súas funcións e tarefas concretas serán:

– Estudio e valoración das necesidades e recursos da comunidade.

– Programación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos servizos sociais comunitarios básicos.

– Difusión e información sobre o servizo.

– Estudio das demandas de información e atención das persoas solicitantes, valoración da situación, deseño da proposta de intervención, cos obxectivos e as estratexias que compre seguir, mobilizando e asignando os recursos necesarios.

– Estímulo das responsabilidades da familia como coidadoras/es primarias/os e fomento da autoestima das persoas usuarias.

– Asignación e supervisión de tarefas.

– Formulación de propostas de concesión, denegación, suspensión ou extinción do servizo se fose necesario.

– Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co servizo.

– Avaliación e seguimento dos casos atendidos, e adaptación do servizo ás necesidades presentadas.

– Coordinación do servizo con profesionais, institucións, asociacións e voluntariado.

b) Auxiliar de axuda no fogar, como profesional que realizará as tarefas en contacto directo cas persoas usuarias, ás familias e o contorno. Aterase ós principios éticos da profesión de axuda a domicilio recollidos no compromiso establecido ó respecto (anexo n.° 1) e realizará as actividades establecidas no plan de traballo (anexo n.° 2). As súas funcións e tarefas concretas serán:

– Asistenciais, de atención persoal e doméstica.

– De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

– Psicosociais e educativas, potenciando o protagonismo da persoa beneficiaria, non substituíndoa naquelas tarefas que poida realizar por si mesma e facilitando as canles de comunicación co seu entorno.

– De colaboración calo técnica/o responsable na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas serán aquelas necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso pola/o técnica/o coordinadora/or.

c) Outras/os profesionais coordinadas/os co/a traballadores/as sociais, tales como outras/os traballadoras/es sociais, educadoras/es sociais, técnicas/os superiores en integración social ou outros profesionais que colaboren co servizo de axuda no fogar.

d) Voluntarias/os: son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Dado o seu carácter de relación interpersoal de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima. A tal fin deberán ser formados convenientemente e de acordo coa lexislación vixente sobre voluntariado.

10.°.–DEREITOS E DEBERES DA ENTIDADE.

O Concello de A Pobra do Caramiñal como entidade pública prestadora do servizo de axuda no fogar, terá os seguintes dereitos e deberes:

1. Dereitos:

a) Cando por necesidade de organización do servizo se valore necesario realizar puntualmente un cambio no horario establecido no acordo (anexo n.° 4), a/o técnica/o responsable poderá xestionalo informando de dito cambio á persoa usuaria, permanecendo igualmente vixente dito acordo.

b)Cando por necesidades de organización do servizo se valore necesario realizar puntualmente un cambio da persoa auxiliar asignada, a/o técnica/o responsable poderá xestionalo informando de dito cambio á persoa usuaria.

c) Cando suceda que a auxiliar de axuda no fogar asignada non poida asistir de xeito temporal ó traballo, a entidade procederá a cubrir a atención con outra persoa auxiliar no fogar, informando de dita substitución ó usuario/a.

d)Ó mesmo tempo, cando a persoa usuaria decida non cubrir a atención nos casos de que a ausencia da auxiliar asignada supere tres días consecutivos de prestación do servizo, a entidade procederá a cobrar igualmente conforme ó horario establecido no acordo do servizo (anexo n.° 4).

e) Cando a persoa usuaria non comunique coa suficiente antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo, a entidade procederá a cobrar igualmente conforme ó horario establecido no acordo do servizo (anexo n.° 4).

f) A/o técnica/o responsable poderá valorar a idoneidade de reforzar con persoal de apoio Cunha segunda persoa auxiliar no fogar, voluntariado, etc.) á auxiliar asignada por motivos xustificados.

g)Se a persoa usuaria rexeita á/ó auxiliar que se lle asigne, sen razón suficientemente xustificada, a entidade poderá valorar a posibilidade de extinción do servizo de axuda no fogar.

2. Deberes:

a) Expoñer publicamente o regulamento de funcionamento do servizo de axuda no fogar e facilitar ós interesados ó acceso ó mesmo.

b) Tratar as persoas sen discriminación co respecto debido á súa dignidade.

c) Ao tratamento confidencial dos datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou a normativa vixente ó respecto.

d) Recoller e valorar as queixas e suxestións presentadas ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

e) Prestar unha atención adaptada ás necesidades da persoa usuaria

f) Ó cumprimento das condicións e requisitos establecidos no Decreto 143/2007 polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

g) A persoa coordinadora do Servizo terá a cualificación de Diplomatura Universitaria en Traballo Social ou equivalentes. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

N.° de persoas usuarias	Traballador/a social (a xornada completa)
50 a 99	1
100 a 199	2
200 a 399	3
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 traballador/a social a xornada completa

h) O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

i) Facilitar o material necesario para cada auxiliar de axuda no fogar: teléfono móbil para a coordinación e comunicación de incidencias urxentes, batas, luvas...).

k) O Departamento de Servizos Sociais e, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, contará cun expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

– Un informe social, asinado pola/o traballadoralor social coordinadoralor do servizo

Un proxecto de intervención, asinado pola/o traballadoralor social coordinadoralor do servizo (anexo n.° 3).

– Un acordo de servizo asinado entre a/o traballadoralor social coordinadoralor do servizo e a persoa usuaria, (anexo n.° 4 e n.° 5).

l) Garantir unha supervisión do servizo efectivamente prestado, segundo se reflexa no artigo 12.°.

11.°.–PROCEDEMENTO.

A. Procedemento para causar alta no servizo:

1. As persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, causarán alta no servizo mediante presentación da resolución de aprobación do programa individualizado de atención no que se recoñeza o dereito ó servizo de axuda no fogar municipal e a intensidade correspondente. A persoa coordinadora do servizo poderá solicitar canta información e/ou documentación considere precisa para valora-la situación, elaborar o Proxecto de Intervención e realizar o seguimento do caso.

2. O procedemento de acceso por libre concorrencia ó servizo de axuda no fogar será o seguinte:

1 st. Recepción da demanda e información sobre o servizo pola/o traballadora/or social coordinadoralor do programa nos servizos sociais comunitarios básicos.

2nd.Presentación do impreso de solicitude no Rexistro do Concello ca debida documentación (anexo n.° 6 e n.° 7), de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común. O prazo de solicitude estará aberto todo o ano. Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

3rd. A/o traballadoralor social procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo solicitar canta información e/ou documentación considere precisa para valora-la situación, facendo unha visita a domicilio do solicitante e emitindo un informe social, preceptivo e vinculante, que reflectirá a idoneidade ou non do servizo, a puntuación acadada no baremo de puntuación (anexo n.° 8), así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

4th. Proposta de resolución da/o concelleira/o responsable:

▪ De concesión, que reflectirá a puntuación outorgada segundo as condicións establecidas no baremo.

▪ De inclusión na lista de espera, que reflectirá a puntuación outorgada segundo as condicións establecidas no baremo. Se un solicitante superase os seis meses na lista de espera, antes de proceder á súa alta no Servizo, será preceptiva unha nova valoración da situación.

▪ De denegación, que reflectirá o artigo do presente regulamento ó que se acolle.

5th. A/O técnica/o do servizo económico municipal correspondente, comprobará a documentación relativa á capacidade económica e emitirá un informe especificando a achega económica que corresponda das solicitudes con proposta de concesión, segundo o establecido na Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

6th. Resolución do órgano competente (Alcaldía ou concellería delegada), especificando o establecido no punto 4.°. No caso de resolución de concesión, deberá especificar a achega económica correspondente.

7th. Notificación ó solicitante da resolución adoptada.

8th. Inicio do servizo de axuda no fogar segundo o establecido no protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a persoa auxiliar no fogar e a persoa usuaria do servizo no artigo 14.°.

B. Procedemento para causar baixa no servizo:

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

a) A renuncia da persoa usuaria.

b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

d) Falecemento da persoa usuaria.

e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f) A falta reiterada de pagamento do servizo, por norma xeral, establécese un máximo de tres meses.

g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. O procedemento de extinción do servizo de axuda no fogar será o seguinte:

lst. Emisión dun Informe por parte do/a técnico/a coordinadora do servizo, no que se reflicta a causa de extinción.

2nd.Proposta de resolución de extinción da Concelleira/o responsable, especificando o artigo do regulamento ó que se acolle.

3rd. Resolución do órgano competente (sistema de atención á dependencia, Alcaldía ou concellería delegada) e a correspondente Notificación á persoa beneficiaria.

C. Procedemento para causar modificación do servizo:

1. Con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo Informe e a modificación concretarase coa sinatura dun novo acordo de servizo.

2. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de programa individual de atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarase en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de programa individual de atención.

D. Procedemento para causar suspensión do servizo:

1. Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e Informe de Seguimento da persoa coordinadora do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que leguen:

a) Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo, por un período máximo de tres meses, en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión.

As prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do Sistema de Autonomía e a Atención á Dependencia, estarase ao disposto na correspondente normativa. En todo caso, comunicarase ó correspondente ó sistema de galego de atención á dependencia.

2. Procederase segundo o seguinte:

a) Comunicar e xustificar a persoa coordinadora do servizo o motivo de suspensión, de ser posible cunha antelación de 15 días e concretando a duración prevista da ausencia.

b) A/O técnica/o coordinador/a reflectará no correspondente expediente a data de comunicación, motivo e duración prevista da suspensión.

c) No caso de superar o período máximo de tres meses, para as persoas que accederon ó servizo mediante o procedemento de libre concorrencia, procederase á retirada do servizo. Se a persoa beneficiaria, demanda o reinicio do servizo, deberá solicitar segundo o procedemento para causar alta no servizo.

12.°.–SUPERVISIÓN E AVALIACIÓN.

A persoa responsable do programa garantirá a supervisión do servizo efectivamente prestado, realizando o seguimento de cada caso, establecendo cantes de coordinación e reunións periódicas cas persoas auxiliares no fogar, así como facendo unha nova valoración das situacións sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses.

Así mesmo, a/o traballador/a social responsable valorará a realización das correspondentes visitas ó domicilio das persoas usuarias. En todo caso, realizarase a visita domiciliaria correspondente á revisión anual.

Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Así mesmo, a supervisión levará consigo a avaliación continua do servizo, valorando a adaptación do mesmo ás necesidades presentadas, grao de satisfacción das persoas usuarias (anexo n.° J e de cumprimento do proxecto de intervención.

13.°.–REVISIÓN.

As persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar presentarán a documentación correspondente para a revisión anual no último trimestre do ano. A/o traballadora/or social procederá a valorar as situacións realizando a correspondente visita domiciliaria e, se fose necesario, adecuará o servizo ás necesidades presentes en cada caso.

Así mesmo, o servizo económico municipal valorará a documentación relativa á capacidade económica e emitirá, se procedera, un informe especificándoa nova achega económica correspondente, segundo o establecido na Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

14.°.–PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN.

1. Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a persoa auxiliar no fogar e a persoa usuaria do servizo.

▪ O tempo máximo de duración dende a resolución de concesión e o inicio da prestación do servizo non poderá ser superior a 10 días hábiles.

▪ Elaboración do Proxecto de Intervención asinado pola/o técnica/o coordinadora/or do Servizo (anexo n.° 3).

▪ Formalización por escrito das prestacións do servizo, tarefas que se realizarán, horario e días de asistencia mediante a sinatura do acordo do servizo (anexo n.° 4).

▪ Elaboración e sinatura do correspondente plan de traballo da persoa auxiliar no fogar (anexo n.° 2).

▪ Visita domiciliaria da/o traballadora/or social para a presentación da persoa auxiliar no fogar.

▪ Inicio do servizo de axuda no fogar nos termos establecidos.

2. Protocolo de actuación no caso de urxencias e incidencias.

2.1. Protocolo de alta no caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada.

▪ Presentación do impreso de solicitude no Rexistro do Concello (anexo n.° 6).

▪ Proposta dalo traballadora/or coordinadoralor do servizo, onde se reflicta a necesidade urxente da alta no servizo.

▪ Resolución de concesión por motivos de urxencia do órgano competente (Alcaldía ou concellería delegada), que reflicta a obriga de iniciar o procedemento para causar alta no servizo.

▪ Inicio inmediato do servizo dirixido a solventar as necesidades máis básicas e urxentes.

▪ Iniciar o procedemento habitual de alta. A achega económica que corresponda será retroactiva á data de inicio do servizo.

2.2. Protocolo de actuación no caso de urxencias e incidencias das persoas usuarias.

Ante a comunicación por calquera medio de unha situación de urxencia e/ou incidencia a persoa coordinadora do servizo procederá da seguinte maneira:

▪ Estudio da situación por parte da/o traballadora/or social coordinadoralor do servizo mediante a consulta do expediente individual, e de ser o caso contacto con familiares, outros profesionais ou servizos, visita ó domicilio, etc.

▪ Valoración da situación e, se procede, mobilización de algún servizo de urxencia, modificación do servizo conforme ó procedemento correspondente ou calquera outra medida que se valore oportuna para previr ou reparar a situación de urxencia e/ou incidencia.

▪ Coordinación coa persoa auxiliar no fogar no relativo a situación de urxencia e/ou incidencia e ás medidas adoptadas ó respecto.

▪ Rexistro no correspondente expediente individual.

3. Protocolos de substitución da persoa auxiliar no fogar.

▪ Comunicación á persoa usuaria da substitución da persoa auxiliar no fogar.

▪ No caso de substitución que se prevea sexa á longo prazo da auxiliar no fogar asignada, elaboración e sinatura do correspondente plan de traballo da persoa auxiliar no fogar (anexo n.° II).

No caso de substitución puntual da auxiliar no fogar asignada, comunicaráselle o plan de traballo da persoa auxiliar no fogar a substituír, recollido no expediente individual.

▪ Visita domiciliaria da/o traballadora/or social para a presentación da persoa auxiliar no fogar.

4. Protocolo de actuación no caso de queixa no libro de reclamacións.

▪ Facilitar unha copia da folla de reclamacións á persoa usuaria.

▪ Remitir orixinal ao servizo de inspección correspondente.

▪ Recoller e valorar as queixas presentadas.

15.°.–OFICINA DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E HORARIOS.

1. A sede oficial estará ubicada nas dependencias municipais. Concretamente, a oficina de base do programa ubicarase no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios Básicos, onde se xestionará o servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

2. O horario de atención ó público para o programa de axuda no fogar estará exposto nas dependencias do departamento de servizos sociais municipais.

3. Límites horarios para a prestación do servizo.

a) Para as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, a intensidade estará predeterminada na resolución de aprobación do programa individualizado de atención onde se recoñece o dereito ó servizo de axuda no fogar municipal. O horario será flexible de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención, pudendo ser tódolos días da semana, e virá establecido no proxecto de intervención e no acordo do servizo, pudendo modificarse en función da variación das necesidades das persoas usuarias.

b) Para as persoas que resultasen beneficiarias do servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencía os límites serán os seguintes:

▪ Por norma xeral, o servizo prestarase entre as 8.45 e as 20.00 horas de luns a venres, agás festivos.

▪ A intensidade do servizo establécese por domicilio segundo a seguinte táboa:

	Mínimo	Máximo
Diaria	1 hora	2 horas
Semanais	3 horas	10 horas

▪ O horario virá establecido no proxecto de intervención e no acordo do servizo e poderá modificarse en función variación das necesidades das persoas usuarias.

16.°.–NORMATIVA SUBSIDIARIA.

No non expresamente previsto na presente ordenanza, estarase ó disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG do 2 de febreiro de 2009), na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG do 18 de decembro de 2008) e na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE do 15 de decembro de 2006) e na normativa que as desenvolve.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

No prazo máximo de tres meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, deberán adaptarse os expedientes das persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar polo anterior regulamento, debendo entregar a documentación necesaria para facer unha nova valoración da situación conforme ó exposto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Queda derrogada a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, aprobada inicialmente polo Pleno en sesión realizada o 27 de xuño de 1996, do 5 de setembro de 1996, e publicada no BOP n.° 245, do 24 de outubro de 1996.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza, que consta de 16 artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación.

En A Pobra do Caramiñal, a 2 de decembro de 2009.

O alcalde

Asdo. Isaac Maceiras Rivas

2009/18116

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

NOTIFICACION ART. 112 LGT, EDICTO NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA

Citación para notificación por comparecencia de liquidacións tributarias:

De conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, intentada a práctica da notificación por dúas veces no domicilio dos suxeitos pasivos ou seus representantes que se relacionan, resultando ausentes, falecidos ou descoñecidos, e para notificar as liquidacións correspondentes polos feitos impoñibles aos que se fai referencia, e non podendose practicar ésta por causas non imputables á Administración é polo que se realiza a presente citación ás persoas seguintes polos conceptos e períodos que se indican:

Suxeito pasivo ou representante/ DNI/NIF Direcci¾n	Procedemento	Importe €
VILA CASAS MANUELA 32585690A Villarponte, nº 5-2º 27850-VIVERO	Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Boebre	732,1
GARCIA LOPEZ MARIA DOLORES 32424716Y R/ González del Villar, 42-2º D 15004-A CORUÑA	Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Ver-Es:1 Pl:SM Pt:19	86,95
FILGUEIRAS CABEZAL JAVIER 79338461-F Avda. Ricado Sánchez, 17, P-5 1º A 15600 - PONTEDEUME	Taxa por ocupación vía pública con mesas, cadeiras e outros elementos auxiliares con finalidade lucrativa. R/Real, 34	48,08
OBRAS CAMINOS Y ASFALTADOS, S.A. A-32212375 R/ Dos Carpinteiros, nº 1 Entresuelo. Polígono Industrial O CEAO 27003-LUGO	Taxa por ocupación de vía pública. Parque Alcalde Sarmiento	550,91
OBRAS CAMINOS Y ASFALTADOS, S.A. A-32212375 R/ Dos Carpinteiros, nº 1 Entresuelo. Polígono Industrial O CEAO 27003-LUGO	Taxa por ocupación de vía pública. Parque Alcalde Sarmiento	292,61

Na súa virtude, cítase aos anteriores suxeitos pasivos, obrigados tributarios ou representantes para que comparezan, por sí ou debidamente representados, nos términos do artigo 45 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, ante o Departamento de Servizos Económicos (sito na rúa Real, 13), no prazo de quince días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio.

Advírtese que transcurrido o prazo indicado sen ter comparecido, e segundo o disposto no artigo 112.2 da mesma Lei Xeral Tributaria, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais dende o día seguinte ao vencemento do prazo indicado para comparecer.

Pontededeume, a 2 de decembro de 2009.

O ALCALDE,

Asdo.- Gabriel Torrente Piñeiro

2009/18168

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Tesorería

Citación para notificación da providencia de constrinximento

ANUNCIO

Asunto: citación para notificación da providencia de constrinximento

D. Carlos Teijeiro Paz, recadador do Concello das Pontes de García Rodríguez,

FAI SABER: Que téndose intentado sen éxito practicar a notificación persoal ós debedores que se relacionan no anexo ou ós seus representantes, nos termos do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, por medio deste edicto e de conformidade con disposto na citada norma se lles cita para ser notificados mediante comparecencia durante o prazo e no lugar que se indica a continuación. Os administrados que figuran como debedores deste concello poderán comparecer persoalmente ou por medio de representante no expediente executivo que se lles segue.

Que nos correspondentes títulos acreditativos do débito o tesoureiro ditou a seguinte:

Providencia de constrinximento

No uso das facultades que me confire o artigo 5.3.c) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e tendo en conta o artigo 167 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dispoño que se proceda executivamente contra o patrimonio do debedor ou das garantías existentes unha vez sexa notificada a providencia de constrinximento, no caso de non producirse o ingreso nos prazos establecidos no apartado 5 do artigo 62 da devandita Lei xeral tributaria.

De conformidade co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003 declaro a esixibilidade dos xuros de demora e dos recargos do período executivo, segundo o establecido nos artigos 26 e 28 da citada Lei.

Recursos

Contra a providencia de constrinximento e nos casos ós que se refiren o artigo 167.3 da Lei 58/2003, poderase impoñer recurso de reposición no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción desta notificación.

Prazo e lugar de pagamento

As débedas notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes deberán ser aboadas dende a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

As débedas notificadas entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se éste fose non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O importe total poderase aboar nas oficinas da Recadación municipal .

Suspensión do procedemento

O procedemento de constrinximento só se suspenderá nos termos e coas condicións sinaladas nos artigos 233 da Lei 58/2003, 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e concordantes do Regulamento xeral de recadación.

Adiantamento e fraccionamento do pagamento

Poderá solicitarse adiantamento ou fraccionamento do pagamento das débedas que se atopen en período executivo nos termos do artigo 65 da Lei 58/2003 de dos artigos 44 e seguintes do Regulamento xeral de recadación.

Prazo da comparecencia

A comparecencia para recibir a notificación aludida haberá de producirse no prazo de 15 días naturais contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Se non se comparecese no citado prazo, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais dende o día seguinte ó do vencimento do prazo.

Lugar de comparecencia

Oficinas da Recadación municipal, situadas en Avda. de Castelao nº 36, planta baixa, en horario de 8.30 a 14.00, de luns a venres.

As Pontes de García Rodríguez, 12 de novembro de 2009

O recadador,

Carlos Teijeiro Paz

ANEXO

NOME – RAZÓN SOCIAL	DNI/CIF	EXPEDIENTE/S
ALVARIÑO VILLAR JOSE ARTURO	32638371Z	9235
ANGELOV PARVANOV TEODOR	X9067354H	9328
ARAUJO DA SILVA FERNANDO	X7369745Q	9329
ARAUJO MESA JOSE MANUEL	10075174R	9330
ASENJO REIMONDEZ JUAN	10769034C	9332
BAAMONDE FIDALGO DIEGO	32658103N	9334
BARRIO PENA INES	76413732G	9336
BELLAS BARRO RAMON	32517260K	6209
BORRAS TATO ANTONIO VICTOR	32755928H	9335
CAAVEIRO GABEIRAS MARIA	32631157E	9350
CAMPOS ALVARIÑO FRANCISCO J.	11429229T	4850
CARBALLEIRA ROUCO JOSE	76553747H	4854
CARBALLO MARTINEZ MANUEL	76524562C	8500
CARTELIDA FORESTAL S.L.	B15579865	7585
CARTELIDA OCIME S.L.	B15746209	7586
CASTRO FERNANDEZ JOSE	32638750W	9364
CASTRO PAJON NOELIA	32700745N	4868
CENDAN PRADO EVANGELINO	76391700Y	4878
CHAO LAMAS ANTONIO	32563149W	6282
CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS ROPIMAR S.L.	B15424609	9370
COUSILLAS LUACES ANGEL	76418285A	9377
COUSILLAS PUENTE ANTONIO	32508865K	4893
CRISTALERIA PUENTES S.L.	B15132269	4895
DA COSTA LIMA VASCO EMANUEL	X7367759P	9382
DARRIBA MONTERO FRANCISCO	32673130C	4901
DO NASCIMENTO GARCIA ANTONIO EMILIO	11424744T	4616
DOCE FILGUEIRAS MARIA ANA	76402394M	9387
ENGROBA FALCON SERGIO	33304121Y	9665
ENRIQUEZ RAIDO RUBEN	76414583G	9391
EURICO GONGO JOSE MARTINS	X8005117J	9393
FERGUEDA S.L.	B15348774	4938
FERNANDEZ BLANCO JOSE	76402244Q	4940
FERNANDEZ BOUZA PABLO	76408522S	9397
FERNANDEZ CASTRO JESUS	32584949K	4944
FERNANDEZ FERNANDEZ SANTOS	32636319D	9402
FERNANDEZ GARCIA FRANCISCO J.	71609806L	4951
FERNANDEZ PAZ JOSE ANTONIO	32428614V	4957
FERREIRA BARREIROS ANTONIO	76416475X	7664
FRAGA VAZQUEZ EMILIA	76530118X	9419
FRANCO CENDAN ANDRES	76402268V	4983
GAGO DOMINGUEZ ROCIO	32697814W	9428
GALEANO RUIZ JOSE DOMINGO	X8184055B	9429
GARCIA DE FRIGERIO ANA MARIA	1084213Q	4997
GARCIA DURAN MANUEL	76408488G	7700
GARCIA LOPEZ MARIA JOSE	76408427N	9434
GARCIA MARTINEZ MARIETA	47364857Z	9435
GARCIA VAZQUEZ JOSE MANUEL	32640093B	9437
GIZ GONZALEZ JULIO	32652587Q	5008
GOMEZ DA SILVA JULIO	76413473K	9441
GONCALVES MARINHO ARMANDO	X5975266G	9443
GONZALEZ FERNANDEZ MANUELA	34982811H	7715
GONZALEZ FORMOSO LAURA	76405508Z	5019
GONZALEZ LOSADA FERNANDO	33824647L	9447
GONZALEZ MARIÑO LUIS	32812326C	6408
GRACJAN BABOL GRZEGORZ	X9020531T	9449
GRANDAL ROMERO MIGUEL	76405026S	7433
GUILLEN GARCIA ANTONIO	70413393C	5034
GURDIEL CONDE MARIA	76408582Y	9458
HERMIDA RUBIÑOS ERNESTO	76541016Y	9460

NOME - RAZÓN SOCIAL	DNI/CIF	EXPEDIENTE/S
HERNANDEZ ROSARIO PALCIDO	X1021652S	7730
IGLESIAS SOCORRO ANCOR YERAY	32690199T	9461
ISABE S.L.	B15359482	5043
JEDASA	A15066434	5044
JIMENEZ MONTOYA MARIA TERESA	34955089B	9653
LESFER SOCIEDAD LIMITADA	B15168248	9471
LOGISTICA PONTESA S.L.	B15966005	9472
LOGISTICA Y BASCULANTE DEL EUME S.L.	B15896947	9473
LOPEZ GABEIRAS MARIA SOL	76408022K	9478
LOPEZ LAMELAS JOSE ANTONIO	76398919A	9481
LOPEZ VILABOY JESUS	76410459C	7768
LOZANO DIAZ CANDIDO	76562974E	9485
LUACES BARRO JOSE MIGUEL	32609863A	5092
MANUEL RODRIGUEZ FERNANDEZ	G15116981	6472
MARTINEZ LORENZO JOSE	76335692A	9493
MATOS AMARFIL	X2415273C	5117
MEIZOSO LOPEZ LUIS	76401423T	6730
MERAYO BAAMONDE AARON	71516778A	7787
MONTERO LOPEZ RUBEN	32686675H	9502
MOSCOSO PEREIRA ANTONIO	32431597X	9503
NAVEIRAS TEMBRAS EDELMIRO	76387795B	5138
NEGRO RAMIRO RODOLFO	10037512J	9507
NOVOA GONZALEZ ANGEL	34398983E	9509
NUÑEZ MARTINEZ JACINTO	32626375R	5142
OLAZO MENDOZA ROGELIO	X7161249S	9510
OSORIO VALENCIA MARIA	10037522T	9512
PAJON FERNANDEZ DESIDERIO	32629153L	5156
PANIAGUA RANGEL CARLOS	X5907719P	9518
PARDO FERNANDEZ MARIA DEL ROCIO	76409382R	9521
PARVANOF TODOR ANGELOV	X9067354H	9669
PAZ CARBALLEIRA JESUS	33344994P	9522
PENA LOPEZ JOSE	32618160C	5173
PENAS GALEGO MANUEL	79338122J	9530
PEREIRA VARELA JOSE ANTONIO	32700970F	9532
PEREZ CAL MARIA DE LA LUZ	33307934R	9534
PEREZ DE MENDIOLA FERRER GUSTAVO	71347206X	9536
PERNAS GONZALEZ OSCAR	32690104C	9540
PICO CUPEIRO GABRIEL	76416206V	9543
PICO MARTINEZ FRANCISCO	79330842R	9654
PINTO BAPTISTA RUI MANUEL	X7573258W	9545
PITA GARCIA VICTOR	79329952P	9549
PLATAS FELGUEIRAS JOSE ANTONIO	76416243P	9550
POTENTIAL MARKETS COMPANY	A15679202	9554
PROYEL S.A.	A78679446	8007
RAMIL CAZAS JOSE ANTONIO	76397420E	5246
RAÑA CASTRO JOSE LUIS	32623855B	6589
RENGIFO YOLAY	X5996399T	9564
RESTAURACIONES VILOSMI S.L.	B70042049	9565
RIVAS CASCUDO ANGEL	32689562F	9566
RODRIGUEZ BOUZA MARCELINO	32542834L	9569
RODRIGUEZ FERNANDEZ GRETTEL	76418631G	9570
RODRIGUEZ FERNANDEZ MONICA	76412708S	9658
RODRIGUEZ FERNANDEZ ALFONSO	09971358F	9571
RODRIGUEZ FERNANDEZ MANUEL	34925973J	5269
RODRIGUEZ GARCIA FRANCISCO	10038299H	5274
RODRIGUEZ LOSADA EDITA	76576685W	9575
RODRIGUEZ NAVIA JOSE R.	33797162L	9576
ROMERO PENA MANUEL	32516805A	5292
RUIZ GARCIA MIGUEL IGNACIO	17835936B	6624
SAAVEDRA CASTRO CARLOS	32706258M	9581
SABIN VILAR VERONICA	32685876R	9584
SANCHEZ ALBARRAN TOMAS	30603557X	5301
SANCHEZ ALIX PEDRO	32555634P	8701
SANTALLA HORJALES MARIA	32670244D	5310
SANTOS FDEZ. OTR	A15152812	5311
SARDIÑA DURAN JOSE MARIA	76403480X	9591
SARMIENTO NIÑO WILLIAM ALBERTO	X7679852Z	8706
SECO BELLO ALBERTO INFANTE	32680098L	9592

NOME - RAZÓN SOCIAL	DNI/CIF	EXPEDIENTE/S
SEIJO ALFONSO LIDUVINA	X2314445R	9593
SEOANE OTERO GERMAN	76406656N	5316
SERVICIO VETERINARIO MENDEZ GIL Y ABUI S.C.	G15793037	9595
SOMOZA GARCIA ANTONIO	32653760Q	9601
SOTO LAGE DIEGO	32690876X	9603
SOTO PRIETO MARISOL	32772717V	9604
SOUSA DE OLIVEIRA ALFONSO JOSE	X5933053L	9605
SUEIRAS GRAÑA JOSE ANTONIO	32664361Z	5334
TALLERES FIAUTO S.L.	B15377054	5338
TAMAYO ORREGO JOSE NICOLAS	X3975153C	9608
TECNOLAR DE REHABILITACIONES S.L.	B15917966	9268
TRANSITORIOS DELTA S.L.	B15560048	5347
TRAYMA S.A.	A15021579	5352
VALCARCE VILLA ALBERTO	32652807Y	9620
VALIÑA S.A.	A15070949	5359
VAZQUEZ PEREZ ROBERTO	79317421N	9670
VEGA LOPEZ JOSE	10023321J	9623
VILABOY BELLAS SARA	76415489J	9627
VILLAVERDE FERNANDEZ BORJA	79333225S	5376
ZHELYAZKOV KALCHEV IVAN	X9049223B	9630

2009/16876

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBEIRA

Vehículos abandonados

ANUNCIO

Por medio desta cédula e en cumprimento do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación co artigo 71.1° da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, notifícaselle ós interesados que se relacionan no anexo a resolución de Alcaldía, na que se lles require en calidade de propietarios dos vehículos relacionados para que no prazo de quince días, contados a partir da publicación desta resolución, procedan á retirada dos vehículos do lugar onde se atopan estacionados na vía publica en estado de abandono ou no depósito municipal, sito no polígono de Xarás, s/n. de Riveira, previo pago das taxas establecidas pola Ordenanza Fiscal n° 26 de retirada, inmobilización e depósito de vehículos na vía pública e camiños adxacentes (Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, núm. 297, xoves, 27 de decembro de 2007). Transcorrido o devandito prazo sen efectua-la retirada dos vehículos, procedérase ó seu tratamento como residuo sólido urbano.

E para que conste e lles sirva de notificación ós interesados de enderezo descoñecido e a aqueles que, intentada a notificación, non se lles puido practicar, en cumprimento do artigo 59.4° da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido e asino esta cédula en Riveira, a trinta de novembro de dous mil novo.

Delegación Firma:

3.°Teniente Alcalde

Francisco Sieira Fernández

Asdo./. Francisco Sieira Fernández.

ANEXO

1. Turismo: Opel Kadett, C-8733-AF; titular: María Concepción Sanlés Pérez, DNI: 76965579; data da retirada: 08/11/2008 (inmobilización 61/08).

2. Turismo: Renault 11, C-2044-AD; titular: Amado Ruiz Pargaray, DNI: 13229431-A; data da retirada: 09/03/2009 (inmobilización 11/09).

3. Turismo: Citroen ZX, C-2565-BT; titular: Reinaldo González Millán, DNI: 52934690; data da retirada: 03/04/2009 (inmobilización 13/09).

4. Turismo: Renault 21, BU-7453-L; titular: María Dorinda Otal Sanlés, DNI: 18025596;data da retirada: 15/08/2009 (inmobilización 32/09).

5. Motocicleta: Gagiva 350, C-6289-AG; titular: Joaquin León Caamaño, DNI: 44816524; data da retirada:.23/05/2006 (retirada 111/06).

6. Ciclomotor: Yamaha YQ 50, C-3319-BMG; titular: Juan José Pérez Silva, DNI: 52457996-X; data da retirada: 21/11/2008 (inmobilización 57/08).

2009/18067

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Servizo de Urbanismo

Cambio de uso do ben inmoble identificado como "Capela de San Roque"

O Concello Pleno con data 28 de agosto de 2009, aprobou:

"Cambiar o uso do ben inmoble identificado como "Capela de San Roque", pasando do anterior uso de "equipamento relixioso", ao novo de "equipamento cultural", como sistema xeral".-

O que se publica para xeral coñecemento, e para os efectos previstos no art. 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.-

Sada, 4 de decembro de 2009

O ALCALDE

Abel López Soto

2009/18218

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Exposición pública act. 21/09

Dª. INÉS MATO NAVEIRA, CIF/NIF: 33287444-G (expte. 21/09), solicita licenza para o establecemento dunha oficina de farmacia, a emprazar en Montouto, Urbanización Os Carballos, Bloque 6, Local 1, baixo, parroquia de Cacheiras, deste municipio.

De conformidade co disposto no artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, o expediente sométese a información pública polo prazo de vinte días, condados dende o seguinte a inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

As persoas interesadas poderán examina-lo expediente no Departamento de Urbanismo do Concello en horario de oficina e, de se-lo caso, formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Teo, 9 de decembro de 2009.

O alcalde.

Martiño Noriega Sánchez

2009/18313

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Sala de lo Contencioso Administrativo-Sección 2

Edicto judicial

E D I C T O

Por el presente se hace saber que en providencia dictada en el día de la fecha, por esta Sección Segunda, de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, se ha acordado admitir a trámite el recurso interpuesto por MARIA ANGELES GONZALEZ GONZALEZ en nombre y representación de HORACIO DE LA CAMPA FALQUE contra ORDEN DE LA CONSELLERIA DEL MAR DE 17-09-09 POR LA QUE SE DESARROLLA EL DECRETO 211/1999 DE 17-06-09 CONCRETAMENTE POR LA REGULACION CONTENIDA EN EL ART. 13 DE LA CITADA ORDEN QUE REFIERE AL HORARIO DE LA PESCA RECREATIVA.

NUMERO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0004525 /2009

La publicación de este anuncio servirá de emplazamiento a las personas, que habiéndolo sido personalmente, ostenten un derecho o interés legítimo en el citado recurso, pudiendo personarse en legal forma en el plazo de nueve días. Si lo hicieren con posterioridad, se les tendrá por parte para los trámites no precluidos.

A CORUÑA, veinte de Noviembre de dos mil nueve.

LA SECRETARIA

Fdo: INMACULADA PÉREZ ARROJO

2009/18040

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Secretaría de Goberno

Persoal

EDICTO

